

## ADEGA instou ó Concello de Santiago a sanear as árbores do Parque da Alameda

A precaria situación fitosanitaria das árbores da Alameda de Santiago preocupa á Delegación de Santiago de ADEGA, que hai pouco se dirixiu ó Concello, e así o fixo público nos medios de comunicación, para solicitar a súa intervención para o tratamento das árbores danadas e a adopción de medidas preventivas.

O Parque da Alameda, que conxuga valores naturais con outros de carácter histórico-cultural, é un dos espacios verdes máis visitados e más coñecidos. O propio Concello ten editado diversas publicacións para difundir as súas características e a súa evolución e contribuír deste xeito ó seu coñecemento e a súa valoración. Non obstante, desde hai algún tempo vénense observando danos en algúns exemplares arbóreos, danos ós que non se deu cumplida resposta, de xeito que neste momento algúns xa están mortos ou aparentemente mortos: carballos, algúns dos plátanos do corredor da Porta Faxeira ó xardín central, un chopo negro no lado norte da Ferradura,... Outros están seriamente deteriorados (con evidente defoliación e/ou decoloración), como algúns dos platáños do mentado corredor, chopos negros, cipreses de California, tamecí-parís, un magnolio .... e ata a auraucaria, que no seu día regalara Eva Duarte de Perón, está seriamente danada. Por citar algúns exemplos. E a eles habería que engadir os das árbores que se atopan en estado inicial de deterioro, co que a relación se incrementaría notablemente.

Aplicar o adecuado tratamento ás árbores danadas e implementar medidas preventivas son accións urxentes de cara á conservación do Parque, un xardín que empezou a configurarse no século pasado e que hoxe resulta emblemático para a cidade. Deixar morrer árbores singulares, co que representan de perda irreparable, non é, desde logo, unha boa heranza nin a mellor carta de presentación que Santiago pode ofrecer; cun Concello que, por outra parte, parece presentar unha especial sensibilidade para os espacios axardinados a xuzgar polo incremento que destes se veu producindo na cidade nos últimos tempos polo que resulta menos explicable o abandono da Alameda. Esperemos que as autoridades locais tomen nota e se poña freo definitivamente ó deterioro das árbores. ■

E.C.

